



# PLAN DIXITAL

## CEIP BAÍÑAS

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O presente Plan Dixital (PD) aplicarase nun centro público, no CEIP Baíñas situado na vila de Baíñas (Vimianzo), comarca de Soneira, na provincia de A Coruña.

No Centro hai un total de 8 metes e mestras e 50 alumnos e alumnas, repartidos en: 1 unidade de Infantil e 3 de Primaria. Os niveis ou grupos clase son mixtos e están distribuídos nunha mesma aula, do seguinte xeito : Ed. infantil, 1º e 2º , 3º e 4º e 5º e 6º.

Ademais, por proximidade, e ao corresponderlle a nosa zona educativa, temos alumnado que pertence ao Concello de Dumbría.

O enderezo do Centro e: R/ Baíñas s/n – Baíñas – Vimianzo 15127 (A Coruña)

A páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbainas/>

O email: ceip.bainas@edu.xunta.gal

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Baíñas é unha localidade duns 400 habitantes, situada ó sur de Vimianzo, na comarca de Soneira. A zona está pouco poboada (nunca chegou a 60 habitantes por kilómetro cadrado). Hai un estancamento do crecemento demográfico por envellecemento da poboación e pola emigración.

As actividades económicas están relacionadas co sector primario: agricultura e gandería. Un número escaso de persoas traballa na minería (aínda que con serios problemas de reconversión) e na hidroelectricidade (Factoría de Ferroatlántica, coa mesma sorte que a minaría). No núcleo urbano destacan o sector servizos.

Coa elaboración do PD pretendemos acadar o seguinte obxectivo principal:

*Que sexa un recurso máis para a mellora da competencia dixital da comunidade educativa incorporando medidas de transformación dixital encaminadas a avanzar progresivamente neste senso, tanto nos ámbitos de ensino-aprendizaxe coma nos de organización, información e comunicación.*

Para acadar este obxectivo é imprescindible que estea relacionado con outros proxectos interdisciplinares que se realicen no Centro, en especial o PLAMBE e máis concretamente o de Bibliotecas Creativas, nos que levamos participando dende o curso 17/18. Por este motivo e necesario incluír este documento no Proxecto Educativo de Centro (PEC) e tamén que a nosa PXA inclúa certos datos que figuren neste documento. Ao ser un centro de menos de 5 unidades e por una cuestión organizativa a figura do Coordinador TIC e do Plan Dixital recaeron na mesma persoa, e as funcións e tarefas establecidas para o Equipo de Dinamización do Plan Dixital e do Equipo de Dinamización TIC, foron asumidas pola totalidade do claustro.

As tarefas asignadas para este equipo serán principalmente:

- 1- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do Centro.
- 2- Organizar e xestionar os medios e recursos TIC do Centro.
- 3- Colaborar no mantemento dos equipamentos informáticos e audiovisuais, contando co apoio do asesor TIC da zona.
- 4- Dar soporte ao profesorado dobre o uso didáctico do equipamento informático do Centro.
- 5- Dar información ao profesorado e alumnado información axeitada para usar ferramentas tecnolóxicas necesarias para o desenvolvemento da súa labor docente tanto de xeito presencial coma non presencial (aula virtual, webex ou similar...)

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan Dixital teremos en conta a seguinte lexislación:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

Comezamos o noso traballo no mes de outubro do curso pasado, e seguindo as instrucións do 3 de setembro de 2021, a dirección do Centro nomeou coma Coordinador do Equipo de Dinamización do Plan Dixital a D. Marcos Carballeira Alonso, e como membros do equipo ao resto de profesores e profesoras do Centro, formado en total por sete persoas ademais do coordinador. Seguidamente todos os membros deste equipo involucráronse a realizar un PFPP para a elaboración do Plan Dixital

Para asesorarnos na nosa labor tivemos en todo momento a inestimable guía e axuda do equipo ADIX. Con eles tivemos varias sesións de formación dende a súa aula virtual e compilaron diversos materiais de axuda que nos facilitaron moito o traballo, a través do seu espazo na plataforma Agueiro.

O desenvolvemento da nosa labor estivo estruturado en tres fases:

1ª - A través da plataforma de autoavaliación SELFIE, e o profesorado o TCDD (Tes de Competencia dixital Docente), tivemos una perspectiva o máis realista posible da realidade dixital do Centro.

2ª- Unha vez realizada a primeira fase de avaliación, procedemos a analizar os resultados recollidos na primeira fase e realizamos un primeiro informe DAFO no que se reflexaba as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que ten o Centro, de xeito que poideramos concretar mellor os obxectivos que debíamos alcanzar no noso Plan Dixital.

3ª- Redacción das táboas que conteñen os obxectivos do plan de acción e a redacción do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Seguidamente procederemos a sinalar con que infraestrutura dixital e equipamento co que contamos no noso Centro:

En canto a infraestrutura dixital:

- En canto a infraestrutura dixital:

En canto á conexión a internet contamos con conexión wifi por cable, a pesares de que a primeira é bastante lenta e non chega a todos os recunchos do Centro. Contamos con dous teléfonos fixos e un inalámbrico pero cunha escasa cobertura.

- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:

Contamos con un ordenador, un cañon proxector e una pizarra interactiva en cada aula, (excepto na aula de música) pero a maioría os ordenadores son de mesa e a teñen sistemas operativos antigos.

O mesmo ocorre cos cañóns proxectores e as PDI, pois son antigas e algunhas non funcionan moi ben. Na sala de profesores contamos con dous ordenadores de mesa pero un deles xa non é operativo, ademáis de tres impresoras, unha delas con escáner e outra de impresión 3D.

Outros dous ordenadores de mesa para secretaría e dirección, e cinco na aula de informática, estes tamén bastante antigos, un deles xa non funciona. Neste mesmo espazo, hai tres portátiles que nos facilitou a consellería para o préstamo do alumnado que o precise.

Na biblioteca contamos con tres ordenadores adquiridos polo propio Centro a través dos gastos de funcionamento, un deles adquiriuse mercouse este

ano para xestionar o servizo de préstamo. Ademais coas partidas de equipamento do PLAMBE adquirimos seis tabletas,( tres delas xa teñen 3 anos), e dous "e-readers" para lectura en formato dixital.

No salón de actos temos tamén con outro portátil pero está obsoleto.

Na aula de AL temos outro ordenador de mesa con proxector.

En orientación existe outro portátil. Por outra banda contamos con unha tea para chroma, e dúas lámpadas tipo aros de leds. Unha cámara de fotos tipo réflex, pero moi antiga (fai fotografías e vídeos de pouca calidade) e unha cámara de video dixital. Dous micros inhalábricos no salón de actos e un equipo de son antigo. Catro escornabots, 3 tarxetas micobits, e distintos xogos creativos (Mesa de lego, mesa e soporte para robots, construción lego robóticas, Matatalab, Cubeto,...)

- Servizos dixitais educativos: Os servizos dixitais educativos que facilitan a xestión docente son: A páxina web do centro (Avisos, publicación, fotografías e vídeos) e neste últimos cursos a aula virtual, aínda que o seu uso centrouse fundamentalmente nos cursos de 5º e 6º de primaria, e en menor medida nos de 3º e 4º. Para as notificación e avisos ás familias tamén se emprega o uso de EspazoAbalar e Wasapp.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro:  
As incidencias informáticas soluciónanse por varias vías. As máis leves a través do equipo TICs, pero cando son máis complexas temos contratado un servizo técnico con un informático ou ben, a través da UAC se son averías nos equipos da propia Consellería
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TICs:  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbainas/>  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbainas/aulavirtual/>

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise DAFO empregamos a autoavaliación SELFIE e o test CDD. A continuación mostramos os datos recollidos.

### Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.1
	Alumnado	-

<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	2,7
	Alumnado	4,5
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	3,3
	Alumnado	4,9
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,5
	Alumnado	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	3,8
	Alumnado	-
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	3,6
	Alumnado	4,2
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,3
	Alumnado	-
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	2,9
	Alumnado	4,4

**Test CDD:** Incluímos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén adxuntamos o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	5	5	100%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	-	-	-
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO	-	-	-

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
--------------------------------------	----------------------	---	---------------------------------

69,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)
------	-------------------	------	-------------------

## 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	65,4	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	70	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
		<b>Total profesorado no nivel de competencia</b>	<b>% de profesorado participante neste nivel</b>	
A1		-	-	
A2		5	62,5%	
B1		2	25%	
B2		1	12,5%	
C1		-	-	
C2		-	-	
<b>TOTAL</b>		<b>8</b>	<b>100%</b>	

## 2.3. Distribución do profesorado por niveis

Para a realización do DAFO repartimos o traballo de análise dos resultados do SELFIE entre os membros do equipo e a continuación tivemos unha xuntanza para decidirmos aqueles que eran de relevancia para a elaboración do deste documento.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	C2. No noso centro existen dispositivos dixitais para o seu uso na docencia	C1. No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais
		C14 OP. No noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais	C7. No noso centro existen sistemas de protección de datos



	<p><b>PERSOAL DOCENTE</b></p>	<p>D1. (Comentamos) cos nosos profesores sobre as súas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>D2.O noso profesorado ten acceso a posibilidades de CPD en relación co ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>E1. Os nosos profesores buscan recursos educativos dixitais na rede</p> <p>E3. Os nosos profesores utilizan entornos virtuais de aprendizaxe cos alumnos</p> <p>E4. O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo</p> <p>F1. Os nosos profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p> <p>F4. Os nosos profesores siguen actividades de aprendizaxe dixital que motiven o alumnado</p>	<p>A4. No noso centro os profesores teñen tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B1. No noso centro avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B2. No noso centro comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B3. No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións</p> <p>E5 OP. Os nosos profesores utilizan recursos educativos abertos</p> <p>F3. Os nosos profesores utilizan actividades de aprendizaxe dixital que fomentan a creatividade do alumnado</p> <p>F6. O noso profesorado fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares</p> <p>G3. Os nosos profesores empregan tecnoloxías dixitais para proporcionar unha retroalimentación adecuada aos estudantes</p> <p>G5. Os nosos profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p>
	<p><b>PERSOAL NON DOCENTE</b></p>		
	<p><b>ALUMNADO</b></p>	<p>H1. No noso centro o alumnado aprende a actuar con seguridade en internet</p> <p>H3. No noso centro o alumnado aprende a actuar de forma responsable en internet</p> <p>H4. No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa</p> <p>H7. No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais</p>	<p>H10. Asegurámonos de que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias</p> <p>H11. No noso centro o alumnado aprende a codificar ou programar.</p>
	<p><b>FAMILIAS</b></p>		

<b>OFERTA</b>		
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>A3. Apoiamos aos profesores a explorar novas formas de ensinar coas tecnoloxías dixitais</p> <p>G8. Os nosos profesores facilitan aos estudantes o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe</p>	<p>A1.No noso centro temos unha estratexia dixital</p> <p>C12 OP. Na nosa escola, temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica</p> <p>C16 OP. No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<p>C5. A asistencia técnica está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais</p> <p>C14 OP. No noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p>	<p>C1. No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>C16 OP. No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p>
	<b>LEXISLACIÓN</b>		<p>A5. No noso centro respectamos os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe</p> <p>C7. No noso centro existen sistemas de protección de datos</p>
	<b>CONTORNA</b>		
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		<p>C12 OP. Na nosa escola, temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica</p> <p>B3. No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións</p>

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO tivemos en conta o seguinte: Establecemos as áreas prioritarias e determinamos os obxectivos que serán específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a o marco temporal que queremos conseguir.

Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Nas táboas que adxuntamos a continuación aparecen en detalle:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- Determinamos as accións para conseguir cada obxectivo, eliximos os responsables das mesmas, acordamos unha temporización e determinamos os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan Dixital.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para o desenvolvemento do Plan indicamos tamén as necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, e establecemos en cada caso a finalidade para a que se precisan ditas melloras:

- Mellorar no posible a conexión e a infraestrutura da conexión, especialmente da Wifi para que poidamos obter maior cobertura dende distintas dependencias do Centro.
- 14 ordenadores novos para renovar os antigos, ou no seu defecto actualización dos hardware dos que aínda sexan operativos. Se é posible enviar a metade portátiles, xa que facilita para o seu uso co alumnado.
- No seu defecto tamén serían necesarias un maior número de "tablets" polo menos outras seis a maiores das que temos.

- Tamén precisamos un soporte para transportalas e algún sistema para recargas de xeito máis rápido e operativo.
- Cinco cañóns novos e dúas PDI (unha para a aula de informática e outra para a de música).
- Un par de cámaras de fotos con boa óptica para realizar experiencias creativas e outra de vídeo.
- Lámpadas de led para iluminación de Chroma así coma soporte e/ou trípode para móvil, tablet ou cámara de fotos/vídeo.
- Tablet XXL e mesa de luz.
- Micrófonos inalámbricos individuais para gravar vídeos con calidade de son en exteriores.
- Equipamento vario coma por exemplo: Cascos con micrófono, ratos para os ordenadores, algún disco duro externo con gran capacidade ou habilitar un espacio-nube no que se podan almacenar datos, imaxes,...
- Maior equipamento para mellorar o que xa temos para o ensino-aprendizaxe de programación e robótica, así coma mercar filamento PLA para a e mantemento das impresoras, inclída a impresora 3D.
- Para rematar deixamos sinalado que é necesario mellorar o tempo e a atención de resposta do servizo técnico da UAC, pois moitas veces temos que actuar a nivel Centro contratando o sevizo dun informático, a nivel privado.

## Táboa 1: Obxectivos Plan de Acción do CEIP Bañas

"Área/s de mellora": C – Infraestrutura e equipos						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Crear repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino e aprendizaxe (C16 PO*)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo dinamizador do Plan Dixital de Centro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de recursos creados e compartidos na Aula Virtual (AV) e/o una Web do Centro					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 Recursos creados e/ou compartidos					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	10 recursos creados e/ou compartidos			31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>A01.1: Reunión do Equipo TICs, e do claustro de profesores para a detección de necesidades de recursos: materiais e/ou ferramentas tecnolóxicas necesarios.</b>	Coordinador Plan dixital	30/09/2022	Materiais na web da Consellería. Aportacións de ideas dos asistentes. Acta da reunión. Convocatoria.( Orde do día)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A01.2: Asesoramento por parte da consellería ou do CAFI para realizar a compilación ou búsqueda de recursos.</b>	Coordinador Plan dixital	15/10/2022	Materiais na web da Consellería. Outros recursos online. CAFI, CEFORE, Consellería		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A01.3: Reunión do Equipo TICs, e do claustro de profesores para concretar as acción necesarias para a selección e recollida de</b>	Coordinador Plan dixital	30/10/2022	Acta da reunión. Convocatoria.( Orde do día) Equipo dinamizador do Plan Dixital de Centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>recursos.</b>						
<b>A01.4: Modificación dos contidos seleccionados (fai falta formación?, entón engadir acción)</b>	Dirección	30/10/2022	Ferramentas dixitais, recursos online, orzamento			Realizada
						Aprazada
						Pendente
<b>A01.5: Reunión do Equipo TICs e avaliación dos recursos: materiais, ferramentas...</b>	Coordinador Plan Dixital	31/06/2023	Recursos creados. Acta de reunión. Convocatoria. (Orde do día)			Realizada
						Aprazada
						Pendente

<b>"Área/s de mellora": C – Infraestrutura e equipos</b>							
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Actualización dos equipos TICs (C1*)					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección e Coordinador TIC					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de equipamento, dispositivos, conectividade e outros recursos tecnolóxicos adquiridos, arranxados ou actualizados						
<b>Valor de partida (3)</b>	25% das necesidades de infraestruturas e equipamento solucionadas						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	85% das necesidades de infraestruturas e equipamento solucionadas				30/06/2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>AO2.1: Crear una táboa anotando as necesidades tecnolóxicas que se precisan no Centro: Equipamento, actualizacións, e outros dispositivos...</b>	Dirección e Coordinador TICs	15/10/2022	Inventario Dixital.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>AO2.2: Análise dos equipos,</b>	Dirección e	31/10/2022	Inventario Dixital.			Realizada	

conectividade... se precisan arranxar e/ou mellorar.	Coordinador TICs				Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Decidir qué equipos, conexión ou dispositivos son necesarios adquirir, arranxar ou actualizar.	Dirección e equipo TICs,	31/11/2022	Asesor Abalar. Reunión de claustro. Acta de reunión. Convocatoria. (Orde do día)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Proceder a arranxar, adquirir e/ou actualizar equipamento, conexión ou outros dispositivos tecnolóxicos.	Dirección e Coordinador TICs	31/01/2023	Inventario, enquisa e Reunión de Claustro. Acta e Convocatoria. ( Orde do día) Asesor Abalar e UAC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
Pendente						

"Área/s de mellora": Pedagogía e implementación na aula (F) Competencias dixitais do alumnado (H)						
3. OBXECTIVO (1):	Empregar ferramentas dixitais como recurso habitual (E5 OP* e F3*, F5*, G3*, G5*, H10*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador e equipo TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado que emprega ferramentas dixitais como recurso habitual na aula					
Valor de partida (3)	0% do profesorado emprega ferramentas dixitais como uso habitual na aula					
Valor previsto e data (4)	60% do profesorado emprega ferramentas dixitais como uso habitual na aula.			31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	

A03.1: Reflexión e análise de ferramentas que emprega o profesorado e aquelas que son necesarias para o noso alumnado (Aula virtual, Libreoffice, edición de vídeo OBS, ...)	Responsable e equipo TICs	30/09/2022	Reunión e aportacións de ideas dos asistentes. Acta de reunión. Convocatoria (Orde do día) Titores	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A03.2: Incluir una liña de formación no PFPP no uso de ferramentas tecnolóxicas e a súa aplicación didáctica co alumnado.	Coordinador PFPP.	31/10/2022	Incluir seminario e/ou grupo de traballo ou seminario dentro do PFPP. CEFORE	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A03.3: Aplicación dos recursos no Centro e na aula	Coordinador do PFPP	30/04/2023	Materiais da Consellería Aula virtual, Libre Office, Edición de vídeos, ... Incluir seminario e/ou grupo de traballo ou seminario dentro do PFPP.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A03.4: Avaliar e modificar, se fose preciso o uso destas ferramentas tecnolóxicas.	Coordinador do PFPP	30/05/2023	Enquisa. Acta de reunión.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
				Aprazada	
				Pendente	
				Aprazada	

"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula (F) Competencias dixitais do alumnado (H)		
4. OBXECTIVO (1):	Favorecer a ALFIN do alumnado empregando tecnoloxías dixitais que fomenten a cooperación e a creatividade. (C7*, F3*, F5*, H12 OP*, H10*, H11*)	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador e equipo TICs	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de tecnoloxías dixitais empregadas polo alumnado	



<b>Valor de partida (3)</b>	0 tecnoloxías empregadas				
<b>Valor previsto e data (4)</b>	5 tecnoloxías empregadas			30/05/2023	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
<b>A04.1: Reunión para realizar una análise e reflexión das tecnoloxías empregadas polo alumnado. Suxerencias de recursos. Solicitud de continuidade no Programa de Bibliotecas Creativas ou similar.</b>	Coordinador e equipo TICs	30/10/2022	Reunión e aportacións de ideas dos asistentes. Acta de reunión		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>A04.2: Fomento da aula virtual</b>	Coordinador e equipo TICs.	30/10/2022	Dispositivos (PDI, portátiles, tablets...). Asesor SIEGA		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>A04.3: Crear obradoiros de formación co alumnado.</b>	Coordinador e equipo TICs.	30/04/2023	Dispositivos (PDI, portátiles, tablets...). Recursos aula creativa. Colaboracións externas (Consellería, concello,...)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>A04.4: Obradoiro alumnado de Web segura.</b>	Coordinador e equipo TICs.	30/06/2023	Dispositivos (PDI, portátiles, tablets...) Colaboración externas (Consellería, concello,...)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>A04.4: Avaliación dos resultados, reflexión e propostas de mellora.</b>	Coordinador e equipo TICs	30/06/2023	Método de avaliación: Test, enquisa, reunión. Acta de reunión.		Realizada
					Aprazada

			Convocatoria (Orde do día)		Pendente
					Aprazada
					Pendente

**"Área/s de mellora": G, Práctica de avaliación**

<b>5. OBXECTIVO (1):</b>	Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas.	Acadado
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador Tics e Dirección	Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de rúbricas creadas e compartidas na aula virtual	
<b>Valor de partida (3)</b>	0 rúbricas	
<b>Valor previsto e data (4)</b>	10 rúbricas creadas e compartidas na AV do Centro	30/06/2023

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
<b>A05.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar as rúbricas</b>	Dirección e coordinador	30/12/2022	Convocatoria. Claustro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>A05.2: Determinación de tarefas conxuntas/interdisciplinares que sexan avaliábeis mediante rúbricas</b>	Coordinador Plan Dixital	30/03/2023	Grupo de traballo. Actas de reunións.(A05.1) Rúbricas.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>A05.3: Realización, publicación e proba das rúbricas, revisión se é o caso.</b>	Coordinador Plan Dixital	30/06/2023	Grupo de traballo. Aula Virtual. Rúbricas		Realizada

--	--	--	--	--	--	--

### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución dos obxectivos será o seguinte:

- A **avaliación procesual** farase unha vez ao fin de cada trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- A **avaliación final** farase ao final do curso académico. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
- Como ferramentas de avaliación tamén se contemplará a realización de enquisas, que normalmente se enviarán ao comezo ou ao remate do curso.

## 5. Difusión do plan

O presente documento será presentado en Claustro e Consello Escolar, e unha vez aprobado, publicitarase na web do Centro e/ou unha aula virtual para que a comunidade educativa o poda consultar. Unha vez feito isto, informaremos ás familias da existencia do mesmo a través de mensaxería por correo electrónico ou no espazo Abalar.